

# AXENDA

Prezada comunidade:

Achegamos unha nova edición da nosa newsletter, coa actualidade do noso persoal investigador, información sobre convocatorias e iniciativas de interese e por suposto, as citas en axenda.

VENRES  
22/03  
13.00 H



## SEMINARIO DE INVESTIGACIÓN | ANÁLISE DO IMPACTO E O ENGAGEMENT DAS ORGANIZACIÓNS COA SOSTIBILIDADE



Rodrigo Lozano, experto en sostibilidade organizacional, é o investigador a cargo do vindeiro Seminario de Investigación ECOBAS. Con máis de vinte anos traballando pola sostibilidade en ONGs, universidades e empresas, os seus traballos abarcan desde competencias e enfoques pedagóxicos ata a avaliación e elaboración de informes sobre sostibilidade e a xestión do cambio organitivo.

- Data: Venres, **22 de marzo 2024**
- Horario: de **13:00 a 14:00 h** (CET)
- Presencial: Facultade de Economía e Empresa - AULA POP1 - Campus de Elviña (A Coruña)
- Online: retransmisión a través de **Zoom**

XOVES  
21/03  
12:00 H



## INSCRIPCIÓN NA 2ª SESIÓN DO ITINERARIO DE INNOVACIÓN PARA A TRANSFERENCIA



O persoal investigador de ECOBAS ten ata mañá mércores 20/03/24 aberta a inscrición á segunda sesión do Itinerario de Innovación para a Transferencia, segundo workshop desta serie. **Contamos con vós!**

- Data: Xoves **21 de marzo 2024**
- Horario: de **12:00 h a 14.30 h** (CET)
- Destinatarios: persoal investigador de ECOBAS
- Formato: **híbrido** (presencial/online) **síncrono**
- Lugar: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC (Campus Norte - Santiago de Compostela)
- Máis información e ligazón ao formulario de inscrición

# ACTUALIDADE ECOBAS



## >>> 2024 PRICIT DOCTORAL WORKSHOP

11 e 12  
DE ABRIL

ECOBAS ten o pracer de colaborar este ano, como en anteriores ocasións, na celebración do **PRICIT Doctoral Workshop**, que en 2024 alcanza a súa IV Edición e se celebrará presencialmente na Facultade de CC. Empresariais e Turismo de Ourense os días 11 e 12 de abril.

O encontro, organizado conxuntamente pola UAM e a UVIGO, conta tamén coa colaboración de ASEPUC e co apoio do **Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial**, polo que as ponencias das relatoras convidadas serán retransmitidas ONLINE para todo o alumnado do doutoramento.



### PONENTES CONVIDADAS

- Lucia Bellora-Bienengräber, Associate Professor of Management Accounting and Control, University of Groningen.
- Beatriz García Osma, Catedrática de Contabilidade, Universidad Carlos III de Madrid.



## >>> PROGRAMA DE FORMACIÓN CONTINUA PARA A EXCELENCIA CIENTÍFICA

Como parte das iniciativas transversais nas que estamos a traballar para o despregamento do Plan Estratégico (PE) do noso Centro de Investigación, temos o pracer de anunciar a inminente posta en marcha do noso **Programa de Formación Continua para a Excelencia Científica**.

Esta iniciativa, de carácter horizontal, nace para artellar as accións específicas previstas en distintos niveis de tres dos eixos de actuación do devandito PE:

- ECOBAS RESEARCH, acción 1.4: programa de mellora da produción científica
- ECOBAS TRAINING, acción 2.5: formación en habilidades transversais e competencias técnicas
- ECOBAS OPEN SCIENCE & RRI, acción 6.1: xestión de datos de investigación



Na primeira actividade do programa, **“Estratexias para fomentar a calidade das publicacións científicas”**, contaremos coa intervención de **Antonio Álvarez Pinilla**, catedrático de Análise Económica da Universidad de Oviedo e director do Grupo de Investigación en eficiencia e produtividade da mesma institución.

SAVE  
THE  
DATE!!

VENRES  
19 DE ABRIL

## PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



### >>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

#### 1/ ARTIGOS CIENTÍFICOS

Sanchez-Santos, J.M.; Rungo, P.; Lera-Lopez, F. (2024)

[Building social capital through sport engagement: Evidence for adults aged 50 years and older](#)  
Ageing and Society

Alonso-Villar, O.; del R o, C. (2024)

[Gender, Race, and Class in an Intersectional Framework: Occupations and Wages in the United States](#)  
Feminist Economics

Rivero-Guti rrez, L.; Cabanelas, P.; D ez-Mart n, F.; Blanco-Gonz lez, A.

[How can companies boost legitimacy in international markets? A dynamic marketing capabilities approach](#)  
International Marketing Review

A el, J.A.; Souto, C.P.; Pansera, M.; de la Torre, L.

[ODE N workshop: co-creation of research on climate intervention techniques through citizen engagement](#)  
Weather

H gevoid, N.; Rodr guez, R.; Svensson, G.; Otero-Neira, C.

[Salespeople's sales performance skills in B2B of services firms - a cross-industrial study](#)  
European Business Review

#### 2/ CAP TULOS DE LIBRO

Pernas Garc a, J.; Lazo Vitoria, X.

##### **Sustainable public food procurement in Spain**

Libro: Sustainable Food Procurement: Legal, Social and Organisational Challenges - ISBN: 978-1-032-48616-1, 978-1-032-49297-1

Mart nez-Salgueiro, A.; Rey-Ares, L.; Lado-Sestayo, R.; Fern ndez-L pez, S.

##### **ChatGPT in educationan analysis of students' perceptions**

Libro: Conocimiento compartido y educaci n - ISBN: 978-84-1170-940-8

Fontanet-P rez, Pol; Suau-S nchez, Pere; V zquez, Xos  H.

##### **Sustainable aviation after COVID-19: will technology save all, or a more radical change is required?**

Libro: Pandemic Recovery? - ISBN: 9781802201116, 9781802201109

## CONVOCATORIAS DE INTERESE



### SEMINARIO ONLINE: DIÁLOGOS PARA UNHA ECONOMÍA CIRCULAR. SESIÓN 3: “PROPOSTA DE REGULAMENTOS DE ENVASES E RESIDUOS DE ENVASES”



O Foro de Intercambio de Coñecemento sobre Residuos e Economía Circular (FIREC) que dirixe o investigador permanente de ECOBAS **J. José Pernas** celebra o vindeiro xoves a 3ª sesión da serie “Diálogos para unha economía circular”. O tema desta sesión será a proposta do regulamento de envases e residuos de envases, no que participarán como relatores convidados:



- Irene Mora, Plastics Europe
- María Vera, EuRIC
- Elena Obis, Subdirección de Economía Circular. DG Calidad y Evaluación Ambiental.
- Joan Marc Simon, Zero Waste Europe

**RETRANSMISIÓN ONLINE:** o seminario ábrese á participación das persoas vinculadas a ECOBAS, que deben dirixir a súa solicitude de inscrición por correo a [secretariatecnicafirec@gmail.com](mailto:secretariatecnicafirec@gmail.com)

- Data: Xoves, **21 de marzo** 2024
- Horario: de **17:00 a 18:30 h** (CET)

### >>> PROXECTO DE DECRETO PARA REGULAR O SISTEMA VOLUNTARIO DE CRÉDITOS DE CARBONO



A Alianza Galega polo Clima, da que ECOBAS é membro adherido, nos informa do prazo aberto para remitir suxestións ao proxecto de decreto polo que se crea e regula o **Sistema voluntario de créditos de carbono** da Xunta de Galicia.

O prazo para remitir suxestións é do 06/03/2024 ao 05/04/2024.

[Click aquí para máis información](#)

### >>> AXUDAS Á INVESTIGACIÓN PREDOUTORAL | FUNDACIÓN BANCO SABADELL

A Fundación Banco Sabadell convoca 15 axudas á investigación científica para aspirantes pre doutorais de nacionalidade española que estean en proceso de realización da tese de doutoramento en calquera universidade española.

As axudas serán destinadas á promoción e o desenvolvemento de traballos científicos e outras actividades relacionadas coa tese de doutoramento nos eidos das **Ciencias Sociais** e as Humanidades.

**Ayudas a la Investigación 2024**  
Convocatoria para predoctorales


**Sabadell**  
Fundación

- **Prazo** de solicitudes: ata o **01/04/2024**
- **Descarga aquí as bases da convocatoria**
- [Acceso ao formulario](#) de solicitude vía web

## OPEN CALLS



### >>> DIGITAL MEDIA DATA IN ENVIRONMENT AND DEVELOPMENT ECONOMICS



A revista Environment and Development Economics mantén aberta a súa chamada para un número especial sobre datos en medios dixitais da economía ambiental e do desenvolvemento.

- Data límite: **30/04/24**
- Ligazón ás instrucións para o envío de traballos
- Publica: Cambridge University Press, en colaboración co Beijer Institute of Ecological Economics e a Royal Swedish Academy of Sciences

**10th Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics**  
A Toxa, Galicia (Spain)  
20 and 21 June 2024

### 10TH ATLANTIC WORKSHOP ON ENERGY AND ENVIRONMENTAL ECONOMICS



Os días 20 e 21 de xuño de 2024 terá lugar na illa de A Toxa a décima edición do Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics que organiza Economics for energy coa colaboración de ECOBAS e o Grupo REDE.


- Call for papers. Data límite: **01/05/2024**.
- Web do evento

### PROGRAMA PRISMAS Y PROBLEMAS | FUNDACIÓN BBVA



Co obxectivo de capturar e xenerar o mellor coñecemento para construír enfoques innovadores para o **tratamento de cuestións da maior relevancia social e medioambiental**, concederanse axudas económicas para o desenvolvemento de proxectos aplicados e interdisciplinares en:

- Ciclo da auga en España, usos e xestión
- Conservación de ecosistemas críticos en España
- Valores, regulación e aplicación da Intelixencia Artificial
- Dixitalización e dispositivos móbiles no ensino
- Modelos educativos e resultados
- Mocidade: empleabilidade, acceso á vivenda e relacións interpersoais
- Violencia de xénero: análise comparada
- Democracia e Estado de Dereito en Europa



PRAZO de presentación de proxectos: ata o 30/04/2024 ás 12:00 h (CET)

# MÁIS COMUNIDADE



## >>> PREMIOS Á TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA EN GALICIA



**RAGC/**  
REAL ACADEMIA  
GALEGA DE CIENCIAS

A Real Academia Galega de Ciencias, coa colaboración da Axencia Galega de Innovación (GAIN), convoca os Premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia en dúas modalidades:



- **Premio Francisco Gutiérrez Ojea:** a un traballo de investigación aplicada, dotado con 5.000 €, para recoñecer a creación, a cargo de un grupo de investigación, dunha tecnoloxía aínda non transferida e da que se deriven claras aplicacións para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia.

- **Premio Fernando Calvet Prats:** a un caso de éxito de transferencia de tecnoloxía desde un grupo de investigación a unha empresa, dotado con 5.000 €. Prémiasse conxuntamente ao grupo de investigación creador da tecnoloxía transferida e á empresa destinataria. Será válido calquera mecanismo de transferencia desde o grupo á empresa (adquisición de patente, proxecto conxunto, spin-off, etc.)..

- **Prazo** presentación candidaturas: ata o **30 de abril de 2024**
- [Ligazón á información completa e as bases](#)

## >>> PREMIOS SOCIAIS FUNDACIÓN MAPFRE

Aberta a convocatoria dos Premios Sociais de Fundación Mapfre, de ámbito internacional e cunha dotación total de 160.000 euros (4 premios de 40.000 euros cada un), entre os que se inclúen:

- **Premio ao mellor proxecto ou iniciativa polo seu impacto social.**
- **Premio á mellor iniciativa no sector agropecuario,** que recoñece aquelas iniciativas que destaquen pola súa innovación, optimización dos recursos e sostibilidade a longo prazo.



- **Prazo** presentación candidaturas: ata o **31 de maio de 2024**

## ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



[www.ecobas.gal](http://www.ecobas.gal)

